LUNS **23 SETEMBRO** 2019 • ANO XIV - Nº 553 • Correo: liderlugo@lavoz.es

1. Líder

INFANTIL LIGA GALEGA

1 1

CADETE LIGA GALEGA

2 2

XUVENIL LIGA GALEGA

3 2

O VIVEIRO VOLVE RUXIR

O club celeste, que conta con equipos nas tres categorías superiores, alzou a voz esta xornada ao estrear a conta de puntos desta tempada nas Ligas Galegas infantil, cadete e xuvenil

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS

Calasanz – Sp. Gijón	0–0
TSK Roces – Deportivo	0–1
R. Avilés – R. Santander	1–2
R. Ferrol – R. Oviedo	1–4
Conxo – Bansander	0–0
Marina Sp. – Val Miñor	1–2
RC Celta – CD Lugo	3–1
At. Perines – Ural	1–0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
REAL OVIEDO	9	3	3	0	0	8	2
RC CELTA	9	3	3	0	0	8	3
R SANTANDER	9	3	3	0	0	6	2
SPORTING GIJÓN	7	3	2	1	0	10	2
CD LUGO	6	3	2	0	1	7	4
ED VAL MIÑOR	6	3	2	0	1	6	3
RC DEPORTIVO	6	3	2	0	1	4	2
BANSANDER	4	3	1	1	1	1	3
RACING FERROL	3	3	1	0	2	5	6
TSK ROCES	3	3	1	0	2	4	5
ATL PERINES	3	3	1	0	2	3	11
CONXO SANTIAGO	2	3	0	2	1	2	3
CD CALASANZ	1	3	0	1	2	1	4
URAL CF	1	3	0	1	2	2	6
MARINA SPORT	0	3	0	0	3	2	6
REAL AVILÉS CF	0	3	0	0	3	1	8

PRÓXIMA XORNADA

Deportivo – Marina Sp.	Bansander – At. Perinés
R. Santander – RC Celta	R. Oviedo – Conxo
CD Lugo – TSK Roces	Val Miñor – R. Ferrol
Ural CF – Calasanz	Sp. Gijón – R. Aviles

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS

O Val – Choco	0–3
UD Ourense – EF Lalín	5–0
Victoria – RC Villalbés	1–1
Pabellón – CD Areosa	2–1
Valladares – Alondras	1–1
CD Lugo B – RC Celta B	1–5
Deportivo B – Ourense CF	4–5
R. Bouzas – Val Miñor B	0–0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
PABELLON C.F.	9	3	3	0	0	10	3
R.C. CELTA "B"	9	3	3	0	0	8	1
C.D. CHOCO	9	3	3	0	0	5	0
PONTEVEDRA C.F.	7	3	2	1	0	8	4
VALLADARES	7	3	2	1	0	6	3
OURENSE C.F.	5	3	1	2	0	8	7
U.D. OURENSE	4	3	1	1	1	7	3
ALONDRAS C.F.	4	3	1	1	1	6	6
S.D. O VAL	4	3	1	1	1	6	6
C.D. LUGO "B"	4	3	1	1	1	5	8
E.F. LALIN	3	3	1	0	2	5	10
C.D. AREOSA	2	3	0	2	1	5	6
VAL MIÑOR "B"	2	3	0	2	1	1	3
RAPIDO BOUZAS	2	3	0	2	1	3	6
VICTORIA C.F.	1	3	0	1	2	2	5
R. VILLALBES	1	3	0	1	2	3	9
DEPORTIVO "B"	0	3	0	0	3	7	10
PORRIÑO C.F.	0	3	0	0	3	2	7

PRÓXIMA XORNADA

Choco – R. Bouzas	Alondras – Pontevedra
EF Lalín – O Val	RC Celta B – Valladares
R. Villalbés – UD Ourense	Ourense CF – CD Lugo B
Porriño – Victoria	Val Miñor B – Deportivo B
CD Areosa – Pabellón	

XUVENIL L. GALEGA NORTE

RESULTADOS

Estrada – Orillamar	0–0
Vicrtoria B – Conxo B	2–1
Calasanz B – Montañeros	2–4
Viveiro CF – Dumbria	3–2
Bergantiños – Ural B	1–1
RC Villalbés B – As Pontes	1–2
San Tirso – Residencia	1–2
G. Caranza – R. Ferrol B	1–1
Boiro – Compostela	0–0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTOS	X	G	E	P	GF	GC
MONTAÑEROS C.F.	9	3	3	0	0	9	4
G. CARANZA	7	3	2	1	0	6	3
C.D. BOIRO	7	3	2	1	0	5	2
URAL C.F. "B"	7	3	2	1	0	5	3
C.D. CONXO "B"	6	3	2	0	1	11	4
C.D. AS PONTES	6	3	2	0	1	6	5
S.D. COMPOSTELA	4	3	1	1	1	4	3
ORILLAMAR S.D.	4	3	1	1	1	3	2
R. FERROL "B"	4	3	1	1	1	4	4
VICTORIA "B"	4	3	1	1	1	5	6
C.F. DUMBRIA	3	3	1	0	2	4	5
R. VILLALBES "B"	3	3	1	0	2	4	5
CALASANZ "B"	3	3	1	0	2	4	6
S.D. RESIDENCIA	3	3	1	0	2	3	5
VIVEIRO C.F.	3	3	1	0	2	6	13
ESTRADA FB	2	3	0	2	1	4	6
BERGANTIÑOS	1	3	0	1	2	2	5
SAN TIRSO S.D.	0	3	0	0	3	2	6

PRÓXIMA XORNADA

Orillamar – CD Boiro	As Pontes – Bergantiños
Conxo B – Estrada	Residencia – Villalbés B
Montañeros – Victoria B	R. Ferrol B – San Tirso
Dumbria – Calasanz B	Compostela – G. Caranza
Ural B – Viveiro CF	

CADETE DIVISIÓN HONRA

RESULTADOS

Val Miñor – Conxo	1–2
Victoria – Arosa SC	2–3
Bergantiños – San Tirso	2–2
Pabellón – Pontevedra	1–3
AJ Lérez – Ural	0–2
RC Celta – Bertamiráns	10–0
CD Lugo – Calasanz	1–0
RC Deportivo – R. Ferrol	5–0
Coruxo – X. Oroso	2–2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA S.A.D.	9	3	3	0	0	21	3
R.C. DEPORTIVO	9	3	3	0	0	14	0
VICTORIA C.F.	6	3	2	0	1	9	6
C.D. LUGO	6	3	2	0	1	5	2
PABELLON C.F.	6	3	2	0	1	5	5
URAL C.F.	6	3	2	0	1	5	6
BERGANTIÑOS C.F.	5	3	1	2	0	7	4
CORUXO F.C.	5	3	1	2	0	7	5
SAN TIRSO S.D.	4	3	1	1	1	6	4
C.D. CONXO	4	3	1	1	1	5	6
PONTEVEDRA C.F.	4	3	1	1	1	6	8
RACING FERROL	4	3	1	1	1	4	8
AROSA S.C.	3	3	1	0	2	5	8
X. OROSO	2	3	0	2	1	4	5
A.J. LEREZ	1	3	0	1	2	1	6
C.D. CALASANZ	1	3	0	1	2	1	7
E.D. VAL MIÑOR	0	3	0	0	3	3	8
BERTAMIRANS C.F.	0	3	0	0	3	0	17

PRÓXIMA XORNADA

CD Conxo – Coruxo FC	Bertamiráns – AJ Lérez
Arosa SC – Val Miñor	Calasanz – RC Celta
San Tirso – Victoria	R. Ferrol – CD Lugo
Pontevedra – Bergantiños	X. Oroso – RC Deportivo
Ural CF – Pabellón	

CADETE L. GALEGA NORTE

RESULTADOS

Estrada FB – Deportivo B	1–2
CD Lugo B – Conxo B	1–0
Calasanz B – Montañeros	0–2
Viveiro CF – R. Ferrol B	1–1
Dumbria – Ural B	0–1
R. Villalbés – Bergantiños B	2–3
San Tirso B – Milagrosa	1–1
G. Caranza – Imperator	1–3
Boiro – Compostela	3–1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
MONTAÑEROS C.F.	9	3	3	0	0	13	0
DEPORTIVO "B"	7	3	2	1	0	10	2
BOIRO	7	3	2	1	0	8	3
R. FERROL "B"	7	3	2	1	0	6	4
URAL C.F. "B"	6	3	2	0	1	7	4
S.D. COMPOSTELA	6	3	2	0	1	5	3
GALICIA CARANZA	6	3	2	0	1	5	4
C.D. LUGO "B"	6	3	2	0	1	6	7
SAN TIRSO S.D. "B"	5	3	1	2	0	5	3
C.D. CONXO "B"	4	3	1	1	1	4	4
BERGANTIÑOS "B"	4	3	1	1	1	5	6
IMPERATOR O.A.R.	3	3	1	0	2	3	6
CALASANZ "B"	2	3	0	2	1	3	5
MILAGROSA	1	3	0	1	2	1	4
ESTRADA FB	1	3	0	1	2	3	9
VIVEIRO C.F.	1	3	0	1	2	2	12
C.F. DUMBRIA	0	3	0	0	3	1	5
R. VILLALBES	0	3	0	0	3	5	11

PRÓXIMA XORNADA

Deportivo B – Boiro	Bergantiños B – Dumbria
Conxo B – Estrada	Milagrosa – RC Villalbés
Montañeros – CD Lugo B	Imperator – San Tirso B
R. Ferrol B – Calasanz B	Compostela – G. Caranza
Ural B – Viveiro CF	

INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS

Victoria – Deportivo	2–5
CD Lugo – G. Caranza	5–0
Bergantiños – San Tirso	2–5
SD Viveiro – R. Ferrol	2–2
Victoria – Ural	2–1
Narón – Bertamiráns	0–3
Calasanz – Salvora	4–1
Conxo – X. Oroso	3–0
EF Lalín – Montañeros	4–0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	9	3	3	0	0	15	2
BERTAMIRANS F.C.	9	3	3	0	0	9	1
VICTORIA F.C.	9	3	3	0	0	11	5
X. OROSO	6	3	2	0	1	8	3
URAL C.F.	6	3	2	0	1	8	5
C.D. CONXO	6	3	2	0	1	7	4
C.D. LUGO	6	3	2	0	1	6	3
SAN TIRSO S.D.	6	3	2	0	1	10	8
E.F. LALIN	6	3	2	0	1	7	6
MONTAÑEROS C.F.	3	3	1	0	2	8	8
C.D. CALASANZ	3	3	1	0	2	6	6
GALICIA CARANZA	3	3	1	0	2	5	8
S.D.C.Y R. NARÓN	3	3	1	0	2	4	8
BERGANTIÑOS C.F.	3	3	1	0	2	4	13
RACING FERROL	1	3	0	1	2	5	8
S.D. VIVEIRO "A"	1	3	0	1	2	4	9
VICTORIA C.F.	0	3	0	0	3	4	9
SALVORA, C.F.	0	3	0	0	3	1	16

PRÓXIMA XORNADA

Deportivo – EF Lalín	Bertamiráns – Victoria FC
G. Caranza – Victoria	Salvora – Narón
San Tirso – CD Lugo	X. Oroso – Calasanz
R. Ferrol – Bergantiños	Montañeros – CD Conxo
Ural – SD Viveiro	

INFANTIL 1º Aut. NORTE

RESULTADOS

EF Viveiro – Pontenova	1–5
CD Foz – CD Castro	1–1
Burela SD – Guitiriz	11–1
Río Ouro – SD Ribadeo	0–12
RC Villalbés B – Viveiro B	0–7

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
BURELA S.D.	6	2	2	0	0	15	4
S.D. VIVEIRO "B"	6	2	2	0	0	10	1
SP. PONTENOVA	6	2	2	0	0	11	5
C.D. CASTRO	4	2	1	1	0	5	3
SD RIBADEO	3	2	1	0	1	15	4
C.D. FOZ	2	2	0	2	0	3	3
GUITIRIZ S.D.	1	2	0	1	1	3	13
E.F. VIVEIRO	0	2	0	0	2	3	9
R. VILLALBES "B"	0	2	0	0	2	4	13
A.D. RIO OURO	0	2	0	0	2	1	15

PRÓXIMA XORNADA

EF Viveiro – CD Foz	SD Ribadeo – Villalbés B
CD Castro – Burela SD	Pontenova – SD Viveiro B
Guitiriz – Río Ouro	

INFANTIL 1º Aut. CENTRO

RESULTADOS

Piringalla B – Polvorín A	2–5
Residencia A – Villalbés A	8–1
Sagrado – Casás A	0–3
Milagrosa – CD Lugo B	3–4
Fonsagrada – Ferroviaria A	0–5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RESIDENCIA "A"	6	2	2	0	0	13	1
EF POLVORIN "A"	6	2	2	0	0	13	6
C.D. LUGO SAD "B"	6	2	2	0	0	8	3
R. VILLALBES "A"	3	2	1	0	1	14	8
FERROVIARIA "A"	3	2	1	0	1	6	3
S.C.D. MILAGROSA	3	2	1	0	1	6	5
C.P. CASÁS "A"	3	2	1	0	1	3	5
SAGRADO	0	2	0	0	2	0	7
FONSAGRADA	0	2	0	0	2	4	13
PIRINGALLA "B"	0	2	0	0	2	2	18

PRÓXIMA XORNADA

Piringalla B – Residencia A	CD Lugo B – Fonsagrada
Villalbés A – Sagrado	Polvorín A – Ferroviaria A
Casás A – Milagrosa	

INFANTIL 1º Aut. SUR

RESULTADOS

Ferroviaria B – Palas	0–6
CD Corgo – SD Antas	2–8
Polvorín B – Residencia B	1–6
SD Sarriana – Piringalla A	0–2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
S.D. ANTAS	6	2	2	0	0	20	2
PIRINGALLA "A"	6	2	2	0	0	9	2
S.D. BECERREA	3	1	1	0	0	8	0
RESIDENCIA "B"	3	1	1	0	0	6	1
S.D. SARRIANA	3	2	1	0	1	5	2
PALAS C.D.	3	2	1	0	1	6	5
EF POLVORIN "B"	0	2	0	0	2	3	13
C.D.CORGO	0	2	0	0	2	2	16
FERROVIARIA "B"	0	2	0	0	2	0	18

PRÓXIMA XORNADA

Ferroviaria B – Corgo	Residencia B – Sarriana
Becerreá – Polvorín B	Palas – Piringalla A

CADETE 1º Aut. NORTE

RESULTADOS

Lourenzá – CD Foz	3–6
SD Ribadeo – SD Viveiro	5–0
Burela SD – R. Villalbés B	5–1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
SD RIBADEO	3	1	1	0	0	5	0
BURELA S.D.	3	1	1	0	0	5	1
C.D. FOZ	3	1	1	0	0	6	3
E.D. LOURENZA	0	1	0	0	1	3	6
R. VILLALBES "B"	0	1	0	0	1	1	5
S.D. VIVEIRO	0	1	0	0	1	0	5

PRÓXIMA XORNADA

CD Foz – Burela SD
SD Viveiro – ED Lourenzá
RC Villalbés B – SD Ribadeo

CADETE 1º Aut. CENTRO

RESULTADOS

Sagrado – Polvorín A	0–3
Ferroviaria – CD Castro	1–6
Casás – Residencia B	2–0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
C.D. CASTRO	6	2	2	0	0	9	3
EF POLVORIN "A"	4	2	1	1	0	4	1
RESIDENCIA "B"	3	2	1	0	1	6	2
C.P. CASÁS	3	1	1	0	0	2	0
PIRINGALLA "A"	1	1	0	1	0	1	1
SAGRADO	0	2	0	0	2	2	6
A.D. FERROVIARIA	0	2	0	0	2	1	12

PRÓXIMA XORNADA

Piringalla A – Sagrado
EF Polvorín A – Ferroviaria
CD Castro – CP Casás

CADETE 1º Aut. SUR

RESULTADOS

Sarriana – Monterroso	0–3
Polvorín B – Becerreá	2–3
Piringalla B – Residencia A	0–8

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RESIDENCIA "A"	3	1	1	0	0	8	0
S.D. MONTERROSO	3	1	1	0	0	3	0
S.D. BECERREA	3	1	1	0	0	3	2
EF POLVORIN "B"	0	1	0	0	1	2	3
S.D. SARRIANA	0	1	0	0	1	0	3
PIRINGALLA "B"	0	1	0	0	1	0	8

PRÓXIMA XORNADA

Monterroso – Piringalla B
Becerreá – Sarriana
Residencia A – EF Polvorín B

Óscar Vizcaíno volveu sorrir

O DIANTEIRO REAPARECEU MARCANDO TRAS 10 MESES AFASTADO DOS TERREOS DE XOGO POR LESIÓN. Guitián tamén debutou esta tempada. O Lugo caeu ante un Celta que sentenciou no desconto

RC CELTA DE VIGO	3	1	CD LUGO
Goles: Martínez, David e Aldán.			**Gol:** Óscar

Árbitro: Gabriel Quintairos. Miguel De Castro e Youssef Assabili **Campo:** A Madroa - Vigo

O Lugo saiu da Madroa con mellores noticias e mellores sensacións do que indica o avultado tres a un final ante o Celta de Vigo.

No capítulo das lecturas positivas están a volta de Óscar Vizcaíno tras dez meses lesionado que ademais reapareceu cun gol, o debut esta tempada tamén de David Guitián ao perderse os primeiros dous encontros por lesión e o bo rendemento que deixou o equipo no campo do actual campión e principal aspirante a revalidar o título de Liga. Un Celta de Vigo que non puido respirar tranquilo ata o último minuto de xogo no que o mariñao Aldán Naval sentenciou o encontro co tres a un final.

2

DEBUTS ESTA TEMPADA

Óscar Vizcaíno e David Guitián disputaron os seus primeiros minutos do curso, e Chanza e Porto apareceron por primeira vez no once titular de Subirán

2

LUCENSES NO CELTA

O porteiro Brais, que acaba de desembarcar en Vigo e o mariñao Aldán Naval, autor do gol da sentenza, formáronse no fútbol base lucense

Ata entón viuse un partido de poder a poder, cos celestes co control do xogo a partir da posesión do balón pero sen xerar ocasións claras de gol, mentres que o Lugo si deu sensación de perigo nos primeiros corenta e cinco minutos cun man a man escorado de Ernesto e un remate de Schuster tras un pase da morte dentro da área.

A primeira parte terminou co cero a cero inicial e con mellores sensacións por parte do Lugo, pero a posta en escena tralo paso polos vestiarios foi mellor para o Celta e plasmouno no marcador con dous goles case consecutivos.

A partir de aí o Lugo repuxo e recortou distancias cun gol de nove puro de Óscar Vizcaíno, e con doce minutos por diante os de Subirán soñaron cos puntos. Reclamaron un penalti sobre Martín na penúltima xogada do encontro, xusto antes de que Aldán sentenciase o partido co tres a un no tempo de desconto.

> **"EL EQUIPO COMPITIÓ HASTA EL PITIDO FINAL Y PUDO SACAR UN MEJOR RESULTADO VISTO LO SUCEDIDO A LO LARGO DE LOS NOVENTA MINUTOS REGLAMENTARIOS"**
> **JUAN SUBIRÁN** - CD Lugo

Óscar Vizcaíno celebrando un gol a pasada tempada na División de Honra xuvenil

CD LUGO - REAL AVILÉS

O REAL AVILÉS FIXO OFICIAL A RECLAMACIÓN QUE SE ENCONTRA EN FASE DE ALEGACIÓNS

O encontro da segunda xornada da División de Honra xuvenil entre CD Lugo co Real Avilés aínda se está xogando. Ao término do tempo regulamentario os lucenses impuxéronse por 3-0, pero o partido aínda se está xogando nos despachos tras reclamar o conxunto asturiano unha alineación indebida do Lugo ao longo do partido. Agora estase á espera do que dicte un comité de competición, aínda que as opcións de aceptar a reclamación do Avilés crecen visto a resolución doutros casos similares.

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato — XUVENIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	G.
SCHUSTER	CD Lugo	3
GABRI	RC Villalbés B	3
MARTÍN	CD Lugo	2
XOEL EIJO	Viveiro C.F	2
YAGO	CD Lugo	1
GÓMEZ	CD Lugo	1
ÓSCAR	CD Lugo	1
ROSÓN	CD Lugo B	1
ASIER	CD Lugo B	1
SAMU	CD Lugo B	1
RODRIGO	CD Lugo B	1
JAVI	CD Lugo B	1
GABRI	RC Villalbés	1
MARTÍN	RC Villalbés	1
ABEL	RC Villalbés B	1
YAGO	Residencia	1
CONDE	Residencia	1
FONSECA	Residencia	1
TRASI	Viveiro C.F	1
BORJA	Viveiro C.F	1
JORGE	Viveiro C.F	1
JUAN	Viveiro C.F	1
-	-	-

Regularidade — XUVENIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	P.
LÓPEZ	RC Villalbés	6
GABRI	RC Villalbés B	6
GARCIA	Residencia	6
DIEGO	Viveiro C.F	5
NOEL	RC Villalbés B	4
BUJÁN	RC Villalbés	3
DAVID	RC Villalbés	3
SPEEDY	RC Villalbés	3
IAGO	RC Villalbés B	3
YOEL	Residencia	3
JUAN	Viveiro C.F	3
GABRI	RC Villalbés	2
PEDRO	RC Villalbés B	2
CONDE	Residencia	2
DAVID	Residencia	2
TRASI	Viveiro C.F	2
NICO	RC Villalbés	2
MIGUEL	RC Villalbés B	2
ROI	Residencia	2
MARTÍN	RC Villalbés	1
ADRI	Residencia	1
XOEL EIJO	Viveiro C.F	1
-	-	-

Pichichi — CADETE SUPERIORES

Xogador	Equipo	G.
AYMAN	CD Lugo B	3
CRISTIAN	RC Villalbés	2
LOMBA	CD Lugo	2
CARLOS	RC Villalbés	1
ADRIÁN	Viveiro CF	1
BUIDE	CD Lugo B	1
MANUEL	CD Lugo B	1
BORJA	CD Lugo	1
LUIS	CD Lugo	1
MANEL	CD Lugo	1
DIEGO	Milagrosa	1
MENDAÑA	Viveiro CF	1
ÓSCAR	RC Villalbés	1
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-

Regularidade — CADETE SUPERIORES

Xogador	Equipo	P.
MARTÍN	RC Villalbés	6
DAVID	Viveiro CF	6
DIEGO	Milagrosa	4
BUIDE	CD Lugo B	3
MIGUEL	Milagrosa	3
RAFA	Milagrosa	3
LUCA	Viveiro CF	3
MANU F.	CD Lugo B	2
CARLOS	RC Villalbés	2
HUGO	RC Villalbés	2
AMADO	RC Villalbés	2
DIEGO	RC Villalbés	2
ÁLEX G.	RC Villalbés	2
PABLO	Viveiro CF	2
MARCOS	Viveiro CF	2
ROSON	CD Lugo B	1
HUGO	Milagrosa	1
JUAN	Milagrosa	1
HUGO	Viveiro CF	1
ADRIÁN	Viveiro CF	1
CRISTIAN	Milagrosa	1
JAVI	RC Villalbés	1
-	-	-

Pichichi — INFANTIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	G.
XAVI I.	CD Lugo	1
DAVID DIAZ	Viveiro CF	1
XOEL P.	Viveiro CF	1
SAMUEL	Viveiro CF	1
XOEL F.	Viveiro CF	1
RAÚL V.	CD Lugo	1
DIEGO	CD Lugo	1
BRUNO	CD Lugo	1
ANDRÉ	CD Lugo	1
JOSE	CD Lugo	1
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-

Regularidade — INFANTIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	P.
MATEO	Viveiro CF	4
XOEL FERRO	Viveiro CF	3
JAVI B.	Viveiro CF	3
ÁLVARO	Viveiro CF	2
ADRI	Viveiro CF	2
RAFA	Viveiro CF	1
DAVID DIAZ	Viveiro CF	1
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-

Jorge Bustos regateando ao ex albivermello Mario Prol

Samu presionando a un xogador celeste na banda

Fonseca saíndo co balón controlado dende a defensa

O campión exhibiu potencial

O CELTA DE VIGO B LEVOUSE OS TRES PUNTOS DA CHEDA nun encontro no que o Lugo B tivo as súas opcións, pero caeu ante o máximo favorito para revalidar o título, un rival con moita pegada

Primeiro tropezo da tempada para o Lugo B na Liga Nacional xuvenil. Unha derrota que entra dentro de toda a lóxica ao recibir ao actual campión da Liga Nacional e máximo aspirante ao título esta tempada, pero que os de Brais Prados venderon moito máis cara do que reflicte o marcador final.

De inicio incluso as forzas estiveron moi igualadas, cun Lugo B moi ben plantado no terreo de xogo que obrigaba ao Celta B a xogar en longo para poder avanzar liñas.

A partir dos vinte minutos de xogo o ex xogador albivermello Mario Prol púxose aos mandos da nave celeste no medio campo, e o Celta B empezou a xogar en campo rival con máis soltura, pero sen chegar a xerar ocasións claras ante Demetrio.

Pese a iso, ao fío da media hora inicial chegou o cero a un, no único desaxuste defensivo do Lugo B na primeira parte.

Antes do descanso chegou o cero a dous, nesta ocasión cun gol de fortuna celeste tras un centro que se envelenou e terminou no fondo das mallas.

CD LUGO B	1	5	RC CELTA DE VIGO B
Gol: Javi.			Goles: Jose (2), David (2) e Mario

Árbitro: Álvaro Valín, Alberto Blanco e Adrián López **Campo:** Municipal A Cheda

Nos vestiarios Brais Prados conseguiu recuperar a confianza do equipo e o Lugo B volveu meterse no encontro tras recortar distancias Javi, ao rematar un centro tras unha segunda xogada nun saque de esquina.

Acto seguido Herrero tivo o empate a dous nunha acción na que non conseguiu finalizar ben. Os lucenses creron no empate e a remontada, pero o Celta de Vigo espertounos do soño a base de pegada e contundencia nos metros finais.

Co un a tres, que chegou nunha contra letal dos celestes, o Lugo B quedou moi tocado, pero afundiuse co un a catro e o un a cinco, ambos goles practicamente consecutivos, xa que se produciron en dous minutos.

"GRAN ESFORZO DE TODO O EQUIPO ANTE UN MOI BO RIVAL, SEMANA NOVA PARA SEGUIR TRABALLANDO CON ILUSIÓN"
BRAIS PRADOS - CD Lugo B

Ao final, resultado excesivamente avultado ante o mellor equipo da competición nun partido no que o Lugo B saca de conclusión unha vez máis que poderá competir ante calquera equipo desta Liga Nacional xuvenil.

O Rácing Villalbés xa lle toma o pulso á competición

OS DE CHOLAS ACARICIARON A PRIMEIRA VITORIA e cortaron a sangría de goles en contra. Martín adiantou aos chairegos, ao rematar un córner na primeira parte

Nico a piques de executar un saque de banda no Roca

VICTORIA CF	1	1	RC VILLALBÉS
Gol: Miguel			Gol: Martín

Árbitro: Ignacio Crespo, Diego Seoane e Álvaro Rodríguez **Campo:** A Grela 1, A Coruña

Primeiro punto do curso para un Rácing Villalbés que, á marxe do resultado final, sae moi reforzado desta xornada ao recuperar os seus signos de identidade ao longo do encontro.

Incluso o gol chegou nunha acción de estratexia por medio de Martín ao rematar un saque de esquina, pero o máis importante é que os de Cholas foron un equipo compacto e fiable en defensa cun gran encontro de López e Nico no centro da zaga.

Cortar a sangría de goles en contra era unha premisa e cumpriuse. O Villalbés tivo practicamente oitenta minutos o partido controlado, cunha posta en escena na que se asentou rápido no campo, apertou arriba e obrigou ao Victoria a xogar directo. A partir de ai os chairegos gañaron os duelos directos e as segundas accións para ter protagonismo e xogar en campo rival.

O cero a un de Martín ao rematar un córner lanzado por Speedy recompensou o bo inicio de partido dun Rácing que tan só baixou a intensidade no tramo final da primeira parte ao acusar o esforzo realizado.

Tras recuperar forzas no paso polos vestiarios, Speedy e Martín continuaron xerando perigo e as ocasións acumuláronse por medio de Gabri, Abel e David. Con todo, o cero a dous non chegou e o Victoria, que saíu con vida do tramo inicial da segunda parte, empatou nunha acción illada tras centro lateral.

Na recta final do encontro os dous equipos puideron gañar, tendo David a ocasión máis clara nunha contra para un Villalbés que se tivo que conformar cun punto pese a merecer os tres en xogo na Grela.

"PARTIDO SERIO A NIVEL DEFENSIVO Y GENERANDO OCASIONES DE PELIGRO EN ATAQUE. BUEN TRABAJO COLECTIVO DE TODO EL EQUIPO"
CHOLAS , RC Villalbés

OS MELLORES
RC VILLALBÉS

LÓPEZ	⚽ ⚽ ⚽
NICO	⚽ ⚽
ANXO	⚽

2
DEBUTS NO ONCE
Cabado e Buján saíron por primeira vez esta tempada nun equipo titular de Cholas, polo que o carril esquerdo foi inédito ata a data este curso

O Viveiro estrea a conta

PRIMEIRA VITORIA DOS DE ANTONIO SERRANO cun gol de Juan no tempo de desconto, logo de que o Dumbría empatase a dous no minuto noventa

VIVEIRO CF	3	2	DUMBRÍA
Gol: Borja, Jorge e Juan.			Goles: Brais e Daniel.

Árbitro: David Jiménez. Ángel Ron e Mario Cordido **Campo:** Marcos Gómez - Viveiro

7 **GOLES** a favor en tres xornadas. Os celestes demostran que teñen pegada nos metros finais polo que a solvencia defensiva será clave para o despegue do conxunto mariñao

Diego a piques de facerse co balón en banda dereita no Marcos Gómez

"VICTORIA SUFRIDA PERO MERECIDA POR TODO EL EQUIPO. ESPERO QUE ESTE PARTIDO SEA UN PUNTO DE INFLEXIÓN PARA EL GRUPO" **ANTONIO SERRANO - Viveiro Club de Fútbol**

O Viveiro 2019/2020 sumou a súa primeira vitoria na Liga Galega xuvenil e os de Antonio Serrano fixérono recordando ao equipo da tempada pasada que tan boas sensacións deixou na segunda volta do campionato.

Juan certificou o triunfo sobre a bucina cunha gran vaselina ante o porteiro visitante. Fixoo no tempo de desconto, despois de que o Dumbría asestase un duro golpe co momentáneo empate a dous no último minuto do tempo regulamentario. A maioría dos equipos baixarían os brazos, pero o Viveiro do curso pasado nunca o fixo e este equipo demostrou que tampouco o fará. Levantou a cabeza e foise a por un partido que conseguiu co tres a dous por medio de Juan.

Ata entón, o Viveiro xa demostrou que sabe aprender dos erros. A posta en escena da primeira xornada foi moi mala e desencadeou nunha goleada do Conxo Santiago. O pasado sábado o guión foi moi distinto, e os de Antonio Serrano saltaron cunha gran predisposición ao terreo de xogo para tomar as rendas do encontro e do marcador, co un a cero que asinou Borja aos tres minutos de xogo cun gran disparo desde fóra da área.

OS MELLORES
VIVEIRO CF
JUAN
DIEGO
XOEL EIJO

Co partido controlado, o Dumbría volveuse meter na loita polos tres puntos co empate a un no último minuto da primeira parte, tras unha acción illada que naceu nunha falta lateral.

Antonio Serrano moveu ficha no descanso e meteu máis mordente en ataque coa entrada de Jorge. Aos cinco minutos da reanudación o punta celeste fixo boa a aposta marcando o dous a un tras unha acción que el mesmo iniciou e finalizou tras participar nela Borja e Juan.

Co paso dos minutos o Dumbría foise envorcando en busca do empate con fútbol directo, aproveitando o aire a favor. O Viveiro mantívose firme ata que chegou o gol do empate sobre a bucina, pero no tempo extra Juan fixo xustiza cun golazo para establecer o tres a dous final.

Unha versión fráxil do Villalbés B

RC VILLALBÉS B	1	2	AS PONTES
Gol: Gabri.			Goles: Cristian e Joan.

Árbitro: David Rodríguez. Miguel Rodríguez e Brais Piñeiro

NUN PARTIDO IGUALADO, careceron de contundencia nas áreas

Javi, que debutou ante o As Pontes, loitando polo balón ante Dani e Cadra

O As Pontes levouse os tres puntos do Roca nun partido no que ao Rácing Villalbés B faltoulle a contundencia que adoita ter en accións puntuais dentro das áreas.

En liñas xerais os de Iván Lamas tiveron o encontro controlado, pero remaron contracorrente no marcador ao encaixar o cero a un antes do cuarto de hora inicial tras unha contra visitante.

A partir de aí o Rácing tivo máis presenza con balón e empezou a xerar ocasións, sendo as máis claras por medio de Gabri e Miguel, este cun man a man antes de que o propio Gabri rematase un córner para devolver as táboas ao marcador no ecuador da primeira parte.

OS MELLORES
RC VILLALBÉS B
GABRI
MIGUEL
CABADO

Ata chegar ao descanso o Villalbés B tivo o partido baixo control sen que se chegase con perigo ás áreas. Xa na segunda parte o As Pontes meteu un punta máis físico e empezou a xogar directo sobre el á vez que se palpaba a sensación de inseguridade e falta de contundencia, malia non ter os visitantes ocasións claras de gol.

O porteiro do As Pontes evitou o dous a un de lago Gesto cando xa se cantaba o gol no Roca, pouco antes de que chegase o xerro de auga fría co un a dous a falta de oito minutos ao encaixar o un a dous cun balón colgado sen aparente perigo que a defensa chairega non acertou a despexar.

Buján tivo a última para salvar un punto, pero o seu disparo marchouse rozando o poste.

"TEMOS QUE SER MÁIS CONTUNDENTES ATRÁS, POLA FALTA DELA NESTE ENCONTRO PERDEMOS OS TRES PUNTOS EN XOGO"
IVÁN LAMAS - RC Villalbés B

A Residencia púxose o mono de traballo en Santiago

CONDE E FONSECA foron os autores dos goles nun partido no que predominou o fútbol directo

SAN TIRSO	1	2	RESIDENCIA
Gol: Jesús.			Goles: Conde e Fonseca.

Árbitro: Alejandro Castro. Daiego Sanjurjo e Álex Fon.

"NORABOA POLA PRIMEIRA VITORIA E POR COMPETIR ASÍ NUN CAMPO MOI COMPLICADO"
ADRIÁN VÁZQUEZ - SDC Residencia

A Residencia sumou os primeiros puntos da tempada e os de Adrián Vázquez fixérono nun partido complicado no que estiveron a un gran nivel de xogo.

OS MELLORES
SDC RESIDENCIA
GARCÍA
ROI
LIS

De inicio a novidade era o cambio de sistema con defensa de catro e cun media punta, Roi, que debutou nun once titular esta tempada facendo un gran encontro e reforzando o medio campo, conscientes os da Cheda de que sería un partido de fútbol directo no que a intensidade e as segundas xogadas serían claves.

Os lucenses saltaron ao campo moi serios, e antes do cuarto de hora inicial executouse o previsto cun balón longo que peiteou Roi para Fonseca, poñendo este un centro que remataba Conde de cabeza ao fondo das mallas.

A vantaxe durou pouco, e tan só catro minutos despois o San Tirso empatou tras unha acción por banda. Pero á media hora de xogo, de novo cun balón directo buscando aos puntas, Lis deixou de cara para que Fonseca, cun disparo desde a frontal da área, volvese adiantar á Residencia no marcador.

Na segunda parte mantívose a loita no fútbol directo, e no tramo final García baixo paus e Sanmi cunha gran parada evitaron o empate sobre a bucina.

Freire trata de alcanzar a un rival por diante de Juanma

De menos a máis ata a vitoria final

LOMBA ASINOU O ÚNICO GOL DO ENCONTRO dándolle ao Lugo a segunda vitoria consecutiva, a primeira na casa, na División de Honra

Árbitro: Jorge Méndez, Sadoum Bahia e Jorge Estraviz **Campo:** A Cheda

Un solitario gol de Lomba deulle os tres puntos ao Lugo ante o Calasanz na que é a segunda vitoria consecutiva dos de Dani Gálán na División de Honra cadete, a primeira en casa no que vai de curso.

O partido e o Lugo foron de menos a máis ao longo dos oitenta minutos. Na primeira parte o Calasanz apertou en campo rival e terminou acusando o esforzo no segundo tempo. De inicio ao Lugo custoulle asentarse no terreo de xogo, buscou o repliegue pero os extremos estaban demasiado metidos atrás e cando se roubaba había moitos metros ata chegar a posicións de ataque.

Sen ocasións claras por ningún dos dous equipos chegouse ao descanso co cero a cero inicial.

Nos vestiarios Dani Galán corrixiu aspectos tácticos e adiantou as liñas do equipo, que pasou a ter moito máis protagonismo en campo rival.

A entrada de Xoel Irimia deulle máis balón a un Lugo que iniciou un goteo constante de ocasións claras de gol. Primeiro foi Freire, tras un roubo de balón de Hugo en campo rival, Lomba intentouno á saída dun córner e Hugo estrelou un balón no poste en plenos minutos de monólogo lucense.

O gol fíxose de rogar ,pero apareceu á hora de xogo tras unha xogada iniciada por Xoel Irimia que rematou dentro da área Lomba ao fondo das mallas.

O xogo se ralentizou nos últimos vinte minutos, nos que o Calasanz buscou con balóns colgados á área o empate, pero o Lugo mantívose firme e apenas pasou por complicacións para manter a vantaxe no marcador ata o asubio final no segundo encontro consecutivo, no que os de Dani Galán deixan a súa portería a cero na máxima categoría do fútbol cadete.

"NOS COSTÓ CONTROLAR EL PARTIDO EN LA PRIMERA PARTE, PERO EN LA SEGUNDA EL EQUIPO DIO UN PASO AL FRENTE" DANI GALÁN - CD Lugo

2

GOLES DE LOMBA
O ex da Residencia segue co seu idilio na Cheda onde marcou nos dous encontros que se disputaron esta tempada

Gabri medíndose en velocidade cun xogador herculino

Manel rematando un saque de esquina con autoridade

Ayman rubricou unha vitoria das que fan equipo

OS DE ANTÓN MÉNDEZ SUPERARON AS AUSENCIAS disputando un encontro moi serio ao longo dos oitenta minutos ante o Conxo Santiago B nas Gándaras

O albivermello Raúl na loita por un balón dividido

Marco anticipándose a un rival en medio campo

Árbitro: Jorge Carballido, Brais Del Olmo e Brenda Lence **Campo:** Rodriguez Lago 1

O Lugo B volveu á senda da vitoria nun partido que os de Antón Méndez afrontaron con ata sete ausencias, polo que se viron cambios de posición no once, como o de Dani, que xogou un gran partido como central, e varios debuts entre os que destacou o do infantil Álex.

O Conxo Santiago B presentouse nas Gándaras cunha formulación en repliegue e defensa de cinco xogadores, cedéndolle a iniciativa a un Lugo B que ser armou de paciencia e minimizou as perdas para evitar as contras composteláns. Na primeira parte os visitantes non inquietaron a Nacho, mentres que en ataque, co paso dos minutos, o xogo cada vez foi máis fluído ata xerar ocasións de gol, sendo as máis claras por medio de Rubén en dúas ocasións e unha internada de Marco na que se acariñou o cero a un.

Ao descanso mantíñase o cero a cero inicial, mentres que na segunda parte Marco estrelou un balón no larguero e Borja tivo outra ocasión antes de que aparecese o killer Ayman para inaugurar o marcador tras unha boa parede con Borja que resolveu cun disparo seco ao primeiro pau.

No último cuarto de hora o Lugo B tirou de solvencia para aguantar o resultado e volver á senda da vitoria na Liga Galega cadete.

"PARTIDO EN EL QUE LA CONCENTRACIÓN QUE TUVO EL EQUIPO A LO LARGO DE LOS OCHENTA MINUTOS NOS LLEVÓ HASTA LOS TRES PUNTOS"
ANTÓN MÉNDEZ - CD Lugo B

7

BAIXAS NO CD LUGO B
Antón Méndez tivo que improvisar, votar man do primeiro equipo e ata dos infantis para poder formar a convocatoria e o equipo que se impuxo ao Conxo Santiago B nas Gándaras

3

XOGADORES DO A que contan con ficha B estiveron as ordes do técnico lucense. Alesito, Borja e Andrés, os tres partindo dende o once inicial

1

DEBUT DO INFANTIL ÁLEX
o xa habitual Manu Ferreiro tivo neste encontro outro xogador en idade infantil no equipo. Álex xogou os seus primeiros minutos na categoría de prata do fútbol cadete

O celeste Adrián nunha xogada de transición

Mendaña protexe o coiro ante a presión dun rival

Boixet trata de evitar que o balón saia pola liña de banda

Dose de moral e confianza

O VIVEIRO EMPATA ANTE UN RÁCING DE FERROL B QUE CHEGABA CON PLENO DE VITORIAS, nun encontro no que por momentos incluso foron superiores. Mendaña fixo o gol celeste

VIVEIRO CF	1	1	RÁCING DE FERROL
Gol: Mendaña.			Goles: Gabriel.

Árbitro: Jorge Michelena. Carlos Polo e Mario Cordido. **Campo:** Marcos Gómez - Viveiro

O Viveiro sumou o seu primeiro punto da tempada ante un Rácing de Ferrol que se presentou no Marcos Gómez con pleno de vitorias nas dúas primeiras xornadas.

Sergio Iglesias reforzou a defensa de inicio, atrasando a posición de Lucas ao lateral dereito para intentar cortar a sangría de goles encaixados, e o plan saiu á perfección nuns primeiros corenta minutos que terminaron co cero a cero inicial, pero nos que o Viveiro mostrouse sólido e xogou gran parte do tempo en campo rival.

"ESTE EQUIPO NO TIENE POR QUÉ TENER PROBLEMAS PARA DE CONSEGUIR PERMANENCIA"
SERGIO IGLESIAS - Viveiro CF

OS MELLORES
VIVEIRO CF

MARTÍN	
A. GIMENO	
JAVI	

Xa na segunda parte chegou o cero a un, cun disparo afastado tras unha acción a balón parado, pero a reacción celeste non se fixo de rogar e tan só cinco minutos despois, Adrián conectou un disparo desde fóra da área e Mendaña, moi atento, aproveitou o rexeite para devolver as táboas ao marcador.

O Viveiro buscou o gol da vitoria e tivo as mellores ocasións por medio de Hugo, cun disparo que se estrelou no largueiro tras un lanzamento de falta e con varias chegadas por banda que non atoparon rematador.

Pablo Alonso conducindo unha xogada de ataque

O Rácing Villalbés está moito máis preto dos puntos

CRISTIAN ADIANTOU AOS CHAIREGOS, pero de novo encaixaron dous goles moi seguidos que foron un lastre

RC VILLALBÉS	BERGANTIÑOS B
Goles: Cristian e Óscar. 2	3 Goles: Borja, Martín e Luis.

Árbitro: Rubén Folgueira, Iván Abel e Antón Llenderrozas

"O EQUIPO ESTÁ TRABALLANDO NO BO CAMIÑO. A SENSACIÓN É QUE CRECEMOS POUCO A POUCO E ESTOU ORGULLOSO DO ESFORZO QUE FAI O GRUPO AO LONGO DA SEMANA"
JANDRO NOVOA - Villalbés

OS MELLORES
RC VILLALBÉS

MARTÍN	
A. GIMENO	
JAVI	

O Rácing Villalbés volveu encaixar dous goles practicamente consecutivos que volveron mermar moito as opcións de puntuar ao final dun encontro no que Breixo debutou baixo paus, sustituindo ao lesionado Diego.

Os de Jandro Novoa asinaron unha gran primeira parte na que tiveron claridade de ideas desde os primeiros minutos nos que presionaron en campo rival e xeraron ocasións, entre elas o un a cero que asinou Cristian ao rematar un centro de Carlos.

No medio da superioridade local nos primeiros minutos, Carlos tivo o 2-0 nunha ocasión na que o seu remate foise alto, chegando ao descanso coas forzas máis igualadas pero coa sensación de que o Villalbés tiña o encontro controlado.

Ao comezo da segunda metade chegou o empate a un, cun disparo lonxano, e tan só cinco minutos despois o Bergantiños deulle a volta ao marcador, de novo nun visto e non visto, co 1-2 tras un córner.

Khay e Miguel entraron para dar máis presenza en ataque, pero o Bergantiños puxo terra polo medio no marcador co un a tres ao culminar unha contra.

O Villalbés non baixou os brazos malia que o rival se replegou cunha liña de cinco para manter o resultado a favor. Óscar á saída dun córner deulle emoción aos minutos finais, nos que pese a buscar o empate, o Rácing non puido co entramado defensivo visitante.

Diego Cabarcos abriu a lata e a Milagrosa estreou a conta

PRIMEIRO PUNTO DA TEMPADA e primeiro gol do curso para os de Madriles nun partido marcado polo terreo de xogo

SAN TIRSO	MILAGROSA
Gol: Daniel. 1	1 Gol: Diego

Árbitro: Héctor Castiñeira, Carlos Alba e Ángel Laya.

"PARTIDO MUY IGUALADO CON UN JUSTO REPARTO DE PUNTOS"
MADRILES - Milagrosa

OS MELLORES
MILAGROSA

MIGUEL	
DIEGO	
CRISTIAN	

213
MINUTOS tardou a Milagrosa en marcar un gol esta tempada na Liga Galega cadete, máis de dous partidos e medio

A Milagrosa estreou a conta de puntos e puxo fin á seca goleadora ante o San Tirso cun gol de Diego Cabarcos.

O partido estivo marcado en todo momento polas reducidas dimensións do terreo de xogo, obrigando aos dous equipos a realizar un fútbol directo no que a intensidade e as segundas xogadas acaparaban todo o protagonismo.

Na primeira parte a loita librouse no medio campo, moi lonxe das áreas, polo que tan só se viron dúas ocasións claras de gol nos primeiros corenta minutos, unha por parte de cada equipo. Diego Cabarcos tivo un man a man no que o porteiro coruñés gañoulle a partida, e por parte do San Tirso, Javi, que debutou esta tempada, luciuse cunha boa intervención ao bordo do descanso.

Tralo paso polos vestiarios mantívose o guión dos primeiros corenta minutos ata que Diego Cabarcos fíxose cun balón ás costas da defensa e inaugurou o marcador cun disparo cruzado. A partir do cero a un o San Tirso foise con todo a polo o empate e a Milagrosa achicou augas ata que chegou o empate cun disparo desde fóra da área.

Na recta final os dous equipos fixeron un pacto non escrito de non agresión que estivo a piques de romper Diego Cabarcos, ao dispoñer da mellor ocasión para romper o empate a un final.

Punto de partida para un Viveiro que acariciou a vitoria

O EMPATE FERROLÁN CHEGOU NO DESCONTO. Antes, Samuel empatara o cero a un e Xoel Ferro asinara o dous a un

Xoel Ferro tras superar a un rival ante a mirada de David

O celeste Rafa busca un compañeiro mentres leva o coiro

David Díaz a piques de facer un recorte a un contrario

SD VIVEIRO	2	2	RÁCING DE FERROL
Gol: Samuel e Xoel Ferro.			**Goles:** Axel e Nicolás.

Árbitro: David Méndez. Raúl López e Jose Otero. **Campo:** Marcos Gómez - Viveiro

O Viveiro estreou a conta de puntos na Liga Galega infantil, nun partido no que acariciou a vitoria ante o Rácing de Ferrol no Municipal Marcos Gómez.

De inicio os de Fidi sufriron co fútbol directo suscitado polo Rácing de Ferrol, superior fisicamente aos celestes, e tivo que remar en contra do marcador desde o minuto un, no que os ferroláns adiantáronse cun lanzamento de falta afastada.

A partir de aí o Viveiro, lonxe de baixar os brazos, empezou a crecer cun medio do campo máis compacto que empezou a roubar e gañar as segundas xogadas para ter máis protagonismo en ataque.

Á media hora de xogo Samuel recompensou o esforzo do grupo ao empatar o encontro cun remate desde o borde da área, chegando ao descanso o encontro con empate a un no marcador.

A dinámica ascendente dos mariñaos continuou ao comezo da segunda parte, na que Mateo serviu un balón longo que Xoel Ferro transformou en gol, poñendo por diante ao Viveiro no marcador por primeira vez esta tempada.

"EL EQUIPO ESTÁ CRECIENDO CON EL PASO DE LAS SEMANAS Y DE LOS PARTIDOS"
FIDI - SD Viveiro

Isra tivo a sentenza tras un roubo de Adri no medio-campo na mellor ocasión para asinar o tres a un, pero o Rácing de Ferrol chegou con vida á recta final e, no desconto, que foi demasiado amplo, chegou o xerro de auga fría co empate a dous que deixou ao Viveiro con só unha parte do botín en xogo pese a merecelo todo.

OS MELLORES
SD VIVEIRO
JAVI BARJA
XOEL FERRO
MATEO

O Lugo monopoliza o partido e exhibe recursos ofensivos

OS SEIS GOLES A FAVOR NESTA TEMPADA FORON DE XOGADORES DISTINTOS. Os capitalinos volveron á senda da vitoria con autoridade nas Gándaras

6

GOLES E SEIS GOLEADORES
O CD Lugo asinou seis tantos a favor no que vai de tempada e todos eles con autores distintos. Na primeira xornada foi Xavi Iriarte o que marcou, e nesta fixéronо Bruno, Raúl Varela, Jose, Diego e André.

O mediocentro Xavi co balón nunha transición

André controlando o coiro seguido dun rival

CD LUGO	5	0	GALICIA CARANZA
Goles: Jose. Bruno. Raúl. Diego e André.			

Árbitro: Javier Gómez. Susana Gueimonde e Carlos Da Cunha. **Campo:** Rodríguez Lago 1

Segunda vitoria noutros tantos encontros disputados esta tempada polo Lugo como local. Os de Jony esqueceron da mellor forma a derrota da pasada xornada en Abegondo, impoñéndose con moita autoridade ao Galica Caranza nas Gándaras.

Na primeira parte o Lugo tivo o aire en contra, pero monopolizou o balón e encerrou aos ferroláns no seu campo durante moitos minutos.

O goteo de ocasións foi constante desde os primeiros minutos, pero o un a cero fíxose de rogar ata que Jose rematou no segundo pau un bo centro de Vila desde a banda esquerda, mentres que Bruno, cun disparo desde fóra da área, ampliou a diferenza ata o dous a cero co que se chegou ao descanso no Rodríguez Lago.

"TRABALLAREMOS NO DÍA A DÍA PARA SEGUIR MELLORANDO"
JONY - Club Deportivo Lugo

A segunda parte foi un calvario para o Galicia Caranza, xa que co aire en contra e o dous a cero que reflectía o marcador, os visitantes apenas puideron chegar aos dominios de Yago, que volveu ao once titular nesta xornada, no que tamén o fixeron respecto da anterior Fío e Vila.

Raúl Varela á saída dun saque de esquina fixo o tres a cero. Diego ampliou a conta ao rematar un centro que Dani deixou pasar e André, cun disparo desde fóra da área, uniuse á festa goleadora no último minuto selando o definitivo cinco a cero nas Gándaras.

Próxima xornada

O Club Deportivo Lugo visita ao San Tirso na cuarta xornada da Liga Galega infantil coa intención de estrear a conta de puntos a domicilio. Os coruñeses suman seis puntos como os lucenses tras dúas vitoria e unha derrota nestas tres primeiras xornadas.

ANSSUMANE FATI - Por Emilio Rosanes

Hace exactamente una década, cuando expiraba el verano de 2009, un niño de seis años de edad se presentaba descalzo y en bañador, sin conocimiento de sus padres y acompañado de su hermano Braima de diez años, en el campo municipal de Herrera para pedir su incorporación en la Escuela de Fútbol Peloteros de la citada localidad sevillana.

Fue la primera puerta derribada por los sueños de Anssumane Fati, cuya reciente irrupción en el fútbol profesional nos ha ocasionado una muy grata sorpresa a los amantes de este deporte.

Acababa de aterrizar en España procedente de su Guinea-Bissau natal. Su padre, Bai Fati, tras quedar embarazada su esposa de su hermano Braima, emprende un largo viaje de once años por Portugal y España desempeñando todo tipo de trabajos con el objetivo de garantizar el sustento económico familiar.

En 2009, Bai Fati alcanza la estabilidad económica necesaria para conseguir el sueño personal de los que lo abandonan todo por luchar por un mejor futuro para los suyos: la reagrupación familiar en el país receptor, en este caso el nuestro.

Tres años duró la aventura de Anssumane en la Escuela de Fútbol Peloteros de Herrera, los mismos que tardaron los miembros del departamento de captación de jugadores del Sevilla Club de Fútbol en incorporarle a su disciplina. Un año más tarde, a la edad de diez, el jugador ficha por el F.C. Barcelona, que lo incorpora a su equipo alevín viéndose obligado a realizar un nuevo cambio de residencia a la ciudad condal.

Una trayectoria en la que no han faltado situaciones adversas, como el ostracismo de seis meses vivido en el Sevilla C.F. al hacerse público su acuerdo con el F.C. Barcelona, la imposibilidad de disputar encuentro alguno con su nuevo club durante cinco meses por la sanción que en su día FIFA infligió al club catalán, o la rotura de tibia y peroné

que le mantuvo nueve meses alejado de los terrenos de juego y que no han representado obstáculos determinantes para que Anssumane haya logrado batir récords de precocidad en nuestro fútbol.

En un fútbol profesional en el que el largo plazo se mide en períodos de cuatro semanas, Ernesto Valverde no ha dudado en generar el escenario adecuado para que Anssumane Fati llegue, golpee y derribe la puerta del primer equipo a los dieciseis años con la misma pasión y atrevimiento con los que se presentó descalzo siendo niño en el campo municipal de Herrera, convirtiéndose en el jugador más joven en debutar en Champions League y el segundo jugador más joven del Campeonato Nacional de Liga tras Vicente Martínez Alama, en el año 1941, en las filas del F.C. Barcelona.

Una muy valiente decisión del entrenador blaugrana y muy alejada de técnicos y responsables deportivos de categorías no profesionales que se amparan en el cortoplacismo resultadista y que entienden los dieciocho y diecinueve años como edades precoces para la presencia de futbolistas en las competiciones de sus primeros equipos.

La primera parte del sueño de Anssumane y de todo deportista, "llegar", se ha cumplido. Por delante queda lo más difícil, "mantenerse". Una tarea que no le será complicada si se acompaña de la humildad necesaria para tratar de minimizar errores en la toma de decisión en un entorno en el que no van a faltar los halagos excesivos que distorsionan la realidad y debilitan al deportista, la presión y el estrés generado por expectativas desmesuradas e inadecuadas para un adolescente y los intereses de personajes satélites que se empeñan en vivir de lo que sucede en los terrenos de juego.

